



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

26/11/2014

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## **A CIG négase a participar no pseudo-concurso de Inspectores**

Nesta semana estabamos convocados en Madrid para a resolución e adxudicación das prazas do concurso de Inspectores, que fora convocado polo BOE do 14/07/2014. Este concurso, cun total de 271 prazas (resultas aparte), pode supoñer, tranquilamente, unhas retribucións en complementos específicos de cerca de un millón de euros e supón mellorar (aínda máis) as “menguadas” nóminas do colectivo de privilexiados desta casa. Desde a convocatoria do concurso e na constitución da Comisión de Valoración, a **CIG** manifestou a súa total oposición a un concurso destas características, deseñado como unha reclasificación encuberta para uns poucos mentres o resto vemos como a nosa nómina vai a menos e se nos priva das reclasificacións ás que temos dereito polo Acordo de Carreira Administrativa. Por outro lado, as sucesivas imposicións por parte da Administración en canto aos criterios a adoptar para a valoración dos participantes fan que este concurso estea o máis alonxado posible de calquera obxectividade que debería ter.

Así pois, a **CIG** non quere participar desta farsa polo que nos negamos a formar parte de algo que supoña unha falta de respecto aos traballadores, e que, ademais, supón unha reclasificación encuberta, non negociada, e discriminatoria respecto ao resto dos subgrupos da AEAT. Sabemos que a Dirección da AEAT, ao contar con maioría respecto á parte social, vai tirar para adiante e, estemos ou non, vai resolver o concurso tal e como tiña pensado; pero nós, coma organización sindical de clase pensamos que **NON** debemos participar nun concurso de promoción para uns poucos privilexiados mentres ao resto se nos pide todo tipo de sacrificios. Así, no día de hoxe, manifestamos a nosa negativa a participar neste pseudo-concurso mediante o escrito que se achega con esta nota para que conste na acta. Con nós, para este tipo de cousas, que non conten...

**CIG AEAT**  
**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**  
TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22